



# MISA CON NENOS

## 24 de NOVIEMBRE de 2019

### T. ORDINARIO - 34º - C

#### CRISTO REI



Lucas 23, 35-43: "Xesús, lémbrete de min".  
Mensaxe: Servireite cada día, Cristo, meu Rei.

**Servireite cada día,  
Cristo, meu Rei.**

## 1. ACOLLIDA

**Irmáns e irmás:** Nós distinguimos o ano solar, o ano ou curso escolar e o ano da Igrexa. Hoxe terminamos o ano da Igrexa ou ano litúrxico celebrando o domingo de Cristo Rei do Universo. Ao longo do ano litúrxico temos que ir acompañando a Xesús, desde o seu nacemento ata a morte, resurrección e ascensión aos ceos. Todos os domingos escoitamos a súa Palabra e comemos o seu Pan quente na mesa familiar da nosa comunidade. Celebrar que Cristo é o noso Rei é celebrar que Cristo é un rei sen exércitos, sen trono, que non veu para mandar, senón para servir e dar a vida por todos. Axudémolo a construír o seu Reino desde o servizo, a entrega e o amor.

*(Poden saír dous pícaros un cunha coroa de rei e outro co cartel).*

**SAÚDO: O Señor Xesús, que quere ser o noso Rei, o noso amigo e salvador, sexa convosco.**

## 2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN

*Recoñezamos humildemente os nosos pecados*

- Pedimos perdón porque esquecemos que Deus nos quere, cóidanos e é o máis importante para nós. *Señor, ten piedade de nós*
- Pedimos perdón porque queremos ser os reis da nosa familia, dos amigos e non servir. *Cristo, en piedade de nós.*
- Pedimos perdón porque nos deixamos dominar polo diñeiro, os xogos, os intereses persoais. *Señor, ten piedade de nós.*



## 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas de hoxe, quérénnos axudar a descubrir que o auténtico e único reino é o que proclamou tantas veces Xesús, e que El mesmo viviu: o amor a todos sen distinción, o servizo, a misericordia, o perdón e o compromiso de anunciar a Boa Nova. Na 1ª lectura, o pobo de Israel pediu a Deus un rei para que os gobernase, e Deus deulle o rei David que guiou moitos anos o pobo. Xesucristo non é só o rei de Israel senón de todos os crentes, non somos os seus súbditos senón os seus irmáns, el veu morreo por nós na cruz. Como dirá S. Paulo na 2ª lectura, damos moitas grazas a Deus por este Rei que nos dá a vida.

## 4. PETICIÓNS

*Oremos ao Señor dicindo: -Que sexas ti o noso Rei.*

1. Para que entre todos fagamos realidade o desexo de Deus de amor, xustiza e paz. **Oremos.**
2. Para que en todas as nacións, nenos e maiores, coñezamos e amemos a Xesús. **Oremos.**
3. Para que saibamos perdoarnos uns a outros e así vivamos en paz e alegría. **Oremos.**
4. Para que aprendamos de Xesús que o máis importante é o que serve e axuda a todos. **Oremos.**
5. Para que Xesús sexa o noso Rei e agradezamos a súa amizade e o seu perdón. **Oremos.**
6. Para que esteamos á beira dos que sofren ou o pasan mal. **Oremos.**

*Atende Pai misericordioso todas as nosas súplicas e dános un corazón compasivo e bo como o teu. Por XNS.*

## 5. OFRENDAS

**UNHAS CHAVES:** Ti Xesús, na cruz, entregaches ao bo ladrón as chaves do Paraíso. As chaves que nos abren a nós o ceo son o amor, a misericordia, a entrega, o servizo desinteresado aos demais.

**COROA DE REI:** Ti, Xesús, non es un rei como os que coñecemos, cheos de poder e palacios. Ti es un rei xusto, un rei que perdoa, que dá a vida e nos salva. Queremos que ti sexas o noso Rei, o máis querido por nós.

**O PAN E O VIÑO:** Que o pan e o viño da eucaristía nos fortalezan para ser construtores do teu Reino de verdade, de vida, de amor e de paz.



## 6. VÍDEOS do ORDINARIO 34-C: Lucas 23, 35-43, Solemnidade de Cristo Rei

- Lucas 23, 35-43, lecturas: <https://www.youtube.com/watch?v=mLBcVwB6d50>
- Lucas 23, 35-43, película: <https://www.youtube.com/watch?v=p6d5vt60iMM>
- Lucas 23, 35-43, película: [https://www.youtube.com/watch?v=y\\_k0yJw\\_sBU](https://www.youtube.com/watch?v=y_k0yJw_sBU)
- O meu reino non é deste mundo, película: <https://www.youtube.com/watch?11=&v=wNmLzOta4FE>
- Xesús é colocado na cruz, debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=WeFVgGudnzg>
- Rei de xustiza, debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=rI2KC5jjLdg>
- Xesucristo Rei, debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=bT00e-GUAaA>
- Lémbrate de min, canción de Javier Brú: [https://www.youtube.com/watch?v=IjRkl\\_tcOIs](https://www.youtube.com/watch?v=IjRkl_tcOIs)
- Fagamos ao neno esperanza, canción: <http://www.youtube.com/watch?v=4H8DlFkOKNO>
- O valor da tenrura. Xesucristo, Rei do Universo, reflexión:  
<https://www.youtube.com/watch?v=l3bs37hBkLA>
- Tempo de Deus-Verbo Divino-2013: <https://www.youtube.com/watch?v=DRYK5fMxB50>
- O valor da tenrura -V. D. 2016: <https://www.youtube.com/watch?v=l3bs37hBkLA>
- Liberados-V.D. 2019: <https://www.youtube.com/watch?v=8x3HjHYo95g>



## 7. SUXESTIÓNS:

- Facede unha representación do evanxeo. Vestide un rei dos de antes e a Xesucristo ante Pilato explicando a diferenza dos reinos.
- Pedídelles a Xesús que sexa o voso Rei e que vos axude a vivir o estilo de vida do Reino.
- Facede unha coroa para cada neno da que colguen dúas cinta: nunha a palabra "Lembra" ("Lémbrate de min"...) e na outra cinta outra palabra co que é Xesús para ti: amigo, compañeiro, perdón, forza... Os nenos han de lembrar que Xesús sempre está presente e lémbra-nos a cada un polo seu nome, co seu rostro e as súas cousas boas.
- Escribide unha carta a Xesús ou unha gravación cos móbiles titulada "Xesús, ti es o meu Rei".
- Recordade que aos que están cravados nas cruz da dor, aos que se arrepiñen do mal feito, aos que axudan aos outros... Xesús regálalles as chaves do Paraíso. Vede se sodes deles.



### Queremos adorarte

Se ti o Rei das nosas vidas, Señor.  
Queremos adorarte ao nacer o día,  
queremos adorarte en cada ser humano,  
queremos adorarte en todo aquel que sofre,  
queremos que Ti sexas o rei da nosa vida.

Queremos adorarte nos máis pequenos,  
queremos adorarte no irmán doente,  
queremos adorarte en todos os que amamos,  
queremos adorarte en quen necesitamos.

Queremos adorarte e entregarche a vida,  
queremos adorarte vivindo contigo cada día,  
queremos adorarte en todo ser vivente,  
queremos adorarte en todos os caídos.

Non deixes que adoremos o poder e a gloria,  
nin o diñeiro, nin a orde, nin a eficacia,  
que tampouco o noso rei sexa o traballo,  
nin a rutina, a comodidade ou o benestar.

Non deixes que sigamos adorando outros reis,  
que non se apropie da nosa vida ninguén,  
para que nos manteñamos libres, sempre, por dentro,  
para facerche a ti o rei de todo o noso ser.  
Se ti o Rei das nosas vidas, Señor.

